

# **DICIONARIOS NA REDE**

## **1. DICIONARIOS DE REFERENCIA DA LINGUA GALEGA**

### **A) Monolingües xerais**

**Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLGA):**

<http://www.realacademiagalega.org/volga>

Dicionario ortográfico normativo do galego con 50.000 entradas, adaptado ás normas aprobadas pola Real Academia Galega en 2003, desenvolvido no Instituto da Lingua Galega baixo a dirección dos profesores Manuel González e Antón Santamarina. Ó ser un vocabulario ortográfico só nos permite saber se determinado termo está sancionado pola Relá Academia, é dicir, se é normativo ou non. Non achega significados.

**Dicionario de galego da editorial IR INDO:**

<http://www.digalego.org> ou [www.digalego.com](http://www.digalego.com)

Neste momento é o dicionario de galego máis completo na rede. O seu contido ten como base de partida o *Dicionario* normativo editado por Ir Indo Edicións, elaborado seguindo as regras ortográficas

e morfolóxicas acordadas pola Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega en xullo de 2003. Toma como base léxica o *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega* (VOLGa), presentando modificacións nalgunha solución de acordo cos seus criterios.

Presenta os termos seguindo a orde alfabética internacional, polo que os dígrafos *ch*, *ll* e *rr* van incluídos dentro das letras *c*, *l* e *r*. Tamén inclúe a etimoloxía das palabras e os seus sinónimos, antónimos e variantes; as equivalencias en portugués, castelán e inglés e a posibilidade de busca por estes idiomas, así como a conxugación verbal.

Pódese acceder dende o móbil a través de [wap.digalego.com](http://wap.digalego.com)

### **Diccionario da Real Academia Galega (DRAG)**

<http://www.edu.xunta.es/diccionarios>.

Versión electrónica do diccionario de referencia da RAG (1997), que conta cunhas 20.000 entradas. Non contempla as normas aprobadas pola Real Academia Galega en 2003.

### **Dicionário e-Estraviz:**

<http://www.agal-gz.org/estraviz/>

Versión electrónica actualizada do diccionario de Estraviz (1995), que conta cunhas 90.000 entradas redactadas en normativa reintegracionista. Neste ano 2009 están actualizando o diccionario cun novo

interface, que permite acceder ao contido do dicionario escribindo a palabra tanto en RAG, como AGAL como en portugués. A nova versión aumentou ademais 40000 entradas.

**Diccionario de Galego (CRTVG):**

<http://www.crtvg.es/adicc/>;

<http://www.crtvg.es/adicc/priportadaeleccion.htm>

Diccionario normativo con 7.200 entradas non adaptado ás normas aprobadas pola Real Academia Galega en 2003.

## **B) Monolingüe enciclopédico:**

### **Galizionario:**

[http://gl.wiktionary.org/wiki/P%C3%A1xina\\_Principal](http://gl.wiktionary.org/wiki/P%C3%A1xina_Principal)

Trátase do dicionario da Galipedia, enciclopedia electrónica reticular hipertextual en proceso de redacción colaborativa por voluntarios a través da web (Está asociada á enciclopedia internacional plurilingüe Wikipedia). Actualmente ten arredor de 26.000 entradas que aparecen listadas por orde alfabética. Pulsando en cada unha delas pódese acceder á definición, categoría gramatical e tradución ó castelán de cada palabra. Algúns termos están sen elaborar coa súa definición sen completar a espera de que o faga algún usuario .

## C) Dicionarios multilingües

**Glosario do ENDL da Escola Oficial de Idiomas de Santiago:**

[http://www.eoisantiago.org/normalizacion\\_glosario.php](http://www.eoisantiago.org/normalizacion_glosario.php)

Na páxina da Escola Oficial de Idiomas de Santiago, na sección do Equipo de Normalización lingüística, pódese atopar unha ferramenta moi interesante baixo o nome de Glosario. Permite buscas, tanto de termos coma de categorías, en **galego, castelán, francés ou inglés** dando as solucións nas outras tres linguas.

**Dicionario galego-inglés-castelán:**

<http://www.galego.org/vocabulario.html>

Dentro do portal “Galego.org” atópase este pequeno vocabulario que consiste nunha listaxe de palabras comúns ordenadas alfabeticamente pola entrada en galego. Non permite realizar buscas individualizadas dun termo.

**Dicionario CLUVI inglés-galego:**

<http://sli.uvigo.es/CLIG/>

Diccionario bilingüe inglés-galego elaborado a partir do corpus paralelo CLUVI (Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo), que conta con máis de 10.000 acepcións ilustradas con exemplos documentados nos textos en inglés traducidos ó galego e recompilados no CLUVI.

Todas as traducións galegas que se recollen no diccionario son traducións reais identificadas nas versións galegas dos textos ingleses incluídas no CLUVI. Para cada tradución seleccionada, o diccionario fornece un exemplo real de uso documentado no corpus. As persoas interesadas en consultar máis exemplos de uso dunha tradución, poden utilizar a interfaz web ao Corpus CLUVI dispoñible no enderezo <http://sli.uvigo.es/CLUVI/> . Esta utilidade permite facer buscas simples e complexas (con comodíns) de palabras ailladas ou de secuencias de palabras, e observar as equivalencias plurilingües dos termos pescudados nos seus contextos de uso en traducións reais e documentadas

**Diccionario galego-francés, francés-galego.**

<http://www.freelang.com/enligne/galicien.php>

<http://www.freelang.com/dictionnaire/galicien.html>

Trátase dun diccionario bilingüe galego-francés que permite buscas en calquera dos dous idiomas, achegando o termo correspondente no outro.

**Diccionario SMS:**

[http://www.diccionariosms.com/contenidos/sms\\_index.php3?body=consultarsms&idioma termino=Galego](http://www.diccionariosms.com/contenidos/sms_index.php3?body=consultarsms&idioma termino=Galego)

Na páxina da Asociación de usuarios de internet podemos atopar un dicionario de termos empregados nas mensaxes de móbiles. Pódese consultar unha listaxe de 11.364 termos SMS en castelán, galego, catalán, éuscaro e valenciano. Aparecen separados os diferentes termos nas distintas linguas. Non permite buscas.

**Páxina resumo:**

<http://www.fillos.org/galicia/modules.php?op=modload&name=News&file=index&catid=&topic=5>

Nesta páxina de *Fillos de Galicia* ofrécese a posibilidade de consultar no Dicionario de galego (da RAG), no dicionario de Estraviz e no Galizionario. Tamén se pode consultar unha escolma de Vocabulario, Consellos para mellorar o teu léxico galego, una escolma de Expresións galegas, ou os Nomes galegos de home e Nomes galegos de muller.